



INMUNIZACIÓN PASIVA FRONTE AO VIRUS RESPIRATORIO SINCITAL (VRS)



QUE É?

Nirsevimab é un anticorpo monoclonal de vida media extendida que bloquea a entrada do VRS na célula. Por tratarse dun anticorpo, conséguese unha resposta rápida e directa fronte á enfermidade grave por VRS. O nome comercial é **Beyfortus®**.

PRESENTACIÓN

- **50 mg (émbolo morado):** lactantes con menos de 5 kg de peso.



- **100 mg (émbolo azul):** lactantes con 5 ou máis kg de peso.



CONSERVACIÓN

- En neveira (2- 8° C).
- Non conxelar.
- Non axitar ni expoñer á calor directa.
- Conservar na embalaxe orixinal.
- Pódese manter á temperatura ambiente (20-25° C) durante un máximo de 8 horas, protexido da luz.

ADMINISTRACIÓN

Vía intramuscular, cara anterolateral da coxa.

Pódese coadministrar con outras vacinas do calendario, de ser preciso.



INDICACIÓNS

NENOS SEN FACTORES DE RISCO

- **Nados en campaña (25 de setembro de 2023 ao 31 de marzo de 2024):** inmunización no hospital tras o nacemento (24- 48 horas, preferentemente 24 horas).
- **Nados antes da campaña (dende o 1 de abril de 2023):** serán citados no hospital de referencia e /ou en Atención Primaria (cabeceiras de servizo).

PREMATUROS CON IDADE XESTACIONAL < 35 SEMANAS nados dende o 1 de outubro de 2022. Citaranse no hospital de referencia.

POBOACIÓN INFANTIL CON ALTO RISCO DE ENFERMIDADE GRAVE POR VRS, que teñan menos de 24 meses no momento da administración. Citaranse no hospital de referencia.

REXISTRO



A administración de Beyfortus® deberá quedar rexistrada **no módulo de vacinas de IANUS** (Vaweb en hospitais privados), baixo o nome: **VRS AC**. Ademáis seleccionárase a indicación correspondente:

- nados durante a campaña
- rescate en nenos/as sans/sas
- prematuro
- alto risco.